



Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2018

REÚNENSE

[REDACTED], Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo; de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

██████████, con NIF ██████████, presidenta da Asociación Internacional de Estudos Galegos, con CIF ██████████, e enderezo ██████████ ██████████, que actúa en representación desta entidade segundo as facultades que lle outorga o artigo 8 a) dos seus estatutos.

EXPOÑEN

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso do galego como lingua cooficial e a promoción e difusión da cultura galega.



XUNTA DE GALICIA



2. Que no ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e en promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia. Que para estes efectos, para poder actuar en todos os ámbitos sociais, debe colaborar na medida do posible coas diversas institucións e entidades que operan dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Que a Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) é unha entidade de ámbito estatal sen ánimo de lucro con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, inscrita dende o ano 1997 no Rexistro Nacional de Asociacións do Ministerio do Interior co núm. 162132.

4. Que a AIEG, que xurdiu no ano 1980 na costa leste dos Estados Unidos de América, ten como obxectivo primordial a promoción e difusión do saber científico de temática galega tanto dentro de Galicia como fóra das súas fronteiras e como actividade principal a organización de congresos trianuais internacionais sobre estudos galegos. As orixes da asociación, de enfoque claramente académico, estiveron relacionadas co traballo e coa dedicación de galeguistas de Estados Unidos na súa primeira década de existencia. A súa vitalidade viuse reforzada, de maneira considerable, a partir dos anos 90 coa creación e expansión dos Centros de Estudos Galegos mais os correspondentes lectorados galegos creados ao redor do mundo, co patrocinio e financiamento da Xunta de Galicia.

5. Que ambas as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades que operan na Comunidade Autónoma teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno do Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade.



XUNTA DE GALICIA



Así mesmo, tamén colaborarán no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, que aprobou o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016, e que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia.

6. Que a AIEG presenta na Secretaría Xeral de Política Lingüística un proxecto que consiste na organización do XII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, que terá lugar en Madrid, co fin de seguir promovendo a internacionalización dos estudos galegos no mundo.

7. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a AIEG son conscientes da importancia do cumprimento do establecido sobre normalización lingüística e sobre o fomento da cultura galega, así como da responsabilidade que nestas materias teñen todas as entidades e institucións.

8. Que son obxectivos da AIEG promocionar os estudos galegos no ámbito internacional, propiciar o intercambio entre persoas expertas das diversas disciplinas que se ocupan da realidade galega e fomentar a presenza da cultura galega no mundo, especialmente no ámbito académico. En consecuencia, pola singularidade do seu obxecto e por realizar unha actividade única e pioneira en Galicia, cun grande alcance no ámbito internacional, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria participa en calidade de coorganizadora.

De acordo co exposto, ambas as dúas partes asinan este convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes



XUNTA DE GALICIA



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura, e a Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG).

As partes colaborarán na organización do XII Congreso Internacional de Estudos Galegos, que terá lugar do 10 ao 15 de setembro de 2018 en Madrid, baixo o título Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, Territorio e Memoria.

Segunda. Obrigas da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG)

Mediante a sinatura deste convenio, a AIEG comprométese a empregar a lingua galega no XII Congreso Internacional de Estudos Galegos e a levar a cabo as actividades que este implica, que se concretan na organización de diferentes sesións de traballo e difusión: relatorios, paneis, mesas e sesións plenarias, todas elas formuladas consonte os diversos enfoques ou ámbitos de estudo propostos, e que contarán coa participación de especialistas pertencentes tanto ao ámbito nacional como internacional. No marco do congreso, tamén se realizarán actividades culturais (excursións, visitas etc.) especialmente dirixidas á mocidade investigadora, co fin de fomentar a súa participación e implicación. Así mesmo, o congreso tamén implicará a elaboración de material informativo, divulgativo e promocional.

Terceira. Asesoramento lingüístico

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, comprométese a facilitarlle á AIEG, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico sobre aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.



XUNTA DE GALICIA



Cuarta. Financiamento

O custo total das actividades previstas no convenio suma uns **catorce mil oitocentos euros (14.800,00 €)**, importe que será sufragado coa seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborará na realización das actuacións previstas na cláusula segunda do seguinte modo:
 - A través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, cunha achega de **tres mil euros (3.000,00 €)**, con cargo á partida 10.30.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.
 - A través da Secretaría Xeral de Cultura, con outra achega de **tres mil euros (3.000,00 €)**, con cargo á partida 10.20.432B.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.
- A AIEG colaborará coa cantidade restante, que é de **oito mil oitocentos euros (8.800,00 €)**.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custo da realización e organización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes poida obter ningún tipo de lucro a partir delas.

Ambas as dúas partes compartirán a titularidade e a explotación dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio. O uso e difusión destes estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para calquera das dúas partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Quinta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante (<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>).

A AIEG percibirá a cantidade coa que contribúe a Consellería en dous pagamentos iguais, que se efectuarán do seguinte modo:



XUNTA DE GALICIA



- O primeiro, por importe de **tres mil euros (3.000,00 €)**, cando se leve executado aproximadamente o 50 % das actividades previstas no convenio.
- O segundo, pola cantidade restante, **tres mil euros (3.000,00 €)**, cando estean executadas todas as actividades previstas no convenio.

Para percibir o primeiro pagamento, a AIEG presentará a seguinte documentación:

- Certificación que acredite que as actividades foron realizadas de acordo co establecido neste convenio.
- Certificación detallada, asinada pola persoa responsable, da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas.

Para percibir o segundo pagamento, a AIEG presentará, coa data límite do 15 de novembro de 2018, a seguinte documentación:

- Certificación que acredite que as actividades foron realizadas de acordo co establecido neste convenio.
- Certificación detallada, asinada pola persoa responsable, da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas.
- Informe de resultados das actividades realizadas no marco deste convenio e da súa incidencia na promoción da lingua e cultura galegas.

No caso de que a xustificación de gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería diminuírase proporcionalmente.

Antes de asinarse o convenio, e para cada pagamento, a Consellería contará cos seguintes documentos da AIEG:

- Un certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- Un certificado de estar ao día nos pagamentos coa Seguridade Social.
- Un certificado de estar ao día nos pagamentos coa Consellería de Facenda.



XUNTA DE GALICIA



A Secretaría Xeral de Política Lingüística será o órgano competente que comprobe o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos. Tras comprobarse a documentación xustificativa, o secretario xeral de Política Lingüística emitirá un certificado ao respecto, que lle será enviado á Secretaría Xeral de Cultura para que esta tramite o correspondente documento contable OK e llo remita á Secretaría Xeral de Política Lingüística co fin de continuar a tramitación do expediente para o pagamento.

A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar os certificados que deban emitir a AEAT, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A AIEG facilitaralle á Consellería toda a información que esta lle requira, así como á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, respectarase rigorosamente a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación será considerada unha causa específica de resolución deste convenio.

Sétima. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da AIEG á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.



XUNTA DE GALICIA



Oitava. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os logotipos de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa. Sexa cal for o medio de difusión, cada parte comprométese a facer mención da outra e deste convenio.

Novena. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2018, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes, cun mes de antelación polo menos, por incumprimento dos compromisos que nel se recollen.

Décima. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha Comisión de seguimento composta por dúas persoas que representen a Secretaría Xeral de Política Lingüística, dúas que representen a Secretaría Xeral de Cultura, nomeadas polos seus titulares, e dúas que representen a AIEG. Esta comisión, que estará presidida por unha das persoas que representen a Secretaría Xeral de Política Lingüística, e que poderá estar asistida polo persoal técnico necesario, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver as dúbidas que puidesen xurdir na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De se denunciar o convenio, a Consellería pode, se é o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.



XUNTA DE GALICIA



Décimo segunda. Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle pode esixir a esta ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria avaliará a realización das actividades contempladas na cláusula segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua e no fomento da cultura galega.

Décimo cuarta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@xunta.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra a que acceda ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométense a cumprir as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais.



XUNTA DE GALICIA



Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada parte declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para eses efectos, as páxinas web das partes asinantes deste convenio conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e ao modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios e que se publiquen nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Santiago de Compostela (Edificio administrativo de San Caetano, s/n), ou ao seu enderezo electrónico e á sede da AIEG ([REDACTED]) ou ao seu enderezo electrónico. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.



XUNTA DE GALICIA



Décimo sexta. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, así como polo disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o seu artigo 6, ao non previsto aplicaráselle, de acordo co artigo 4 da citada lei, os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Así mesmo, supletoriamente, terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asínanse tres copias deste convenio no lugar e data mencionados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

A presidenta da Asociación Internacional
de Estudos Galegos

[Redacted signature]

[Redacted signature]